

Festas de Vimianzo

Queridas veciñas e veciños,

É para min unha honra dirixirme a vós con motivo das Festas Patronais na honra da Virxe do Carmen e San Roque, unha celebración que cada ano nos reúne arredor das nosas tradicións, da nosa cultura e do sentimento de pertenza a Vimianzo.

As festas representan moito máis ca un programa de actividades. Son un tempo de encontro, de convivencia e de ilusión compartida; días nos que as rúas se enchen de vida e nos que renovamos os vínculos que nos unen como pobo.

Quero ter un emocionado recordo para todas aquelas persoas que xa non están entre nós. A súa pegada permanece viva na memoria colectiva e forma parte da historia das nosas familias e da nosa vila.

O meu saúdo vai tamén para todas as vimiancesas e os vimiancesos que viven lonxe da súa terra. A emigración forma parte da nosa identidade e da nosa historia. Sabemos que levades Vimianzo no corazón e que, sempre que é posible, escolledes estas datas para regresar, reencontrarvos coa familia, coas amizades e coas vosas raíces. A vosa presenza é un dos maiores agasallos destas festas.

Saúda da alcaldesa: «As festas son tempo de encontro, convivencia e ilusión»



MÓNICA RODRÍGUEZ
ALCALDESA

Quero dar igualmente a benvida a todas as persoas que nos visitan. Convidámosvos a descubrir un concello orgulloso do seu patrimonio, da súa riqueza natural, da súa gastronomía e da hospitalidade da súa xente. Agardo que estes días vos permitan coñecer a esencia de Vimianzo e que vos sintades parte desta celebración.

Quero expresar un agradecemento moi especial á Comisión de Festas, polo seu compromiso, dedicación e polo enorme traballo que realiza ao longo de todo o ano para facer posible estas celebracións. O seu esforzo, xunto coa colaboración das asociacións, dos colectivos, do persoal municipal, das forzas e corpos de seguridade, dos servizos de emerxencias e de todas as persoas que contribúen á organización, é fundamental para que poidamos desfrutar dunhas festas á altura do que merece Vimianzo.

Anímovos a participar, a compartir e a vivir estes días con alegría, respecto e responsabilidade, facendo das nosas Festas Patronais un exemplo de convivencia e unión.

En nome de toda a Corporación Municipal, deséxovos unhas moi felices Festas Patronais.

Viva Vimianzo e felices festas! ■

DÍA D@NEN@

LUNS 10 AGOSTO 2026

DE 16:30 A 21:00 H | PRAZA DO CONCELLO

INCHABLES

FESTA ESCUMA

DJ ROKIÑO

ORGANIZA: COMISIÓN DE FESTAS DE VIMIANZO
COLABORA: **DAPE**

VIMIANZO

FESTAS DE AGOSTO 2026

Venres 7 Concertos de **POL 3.14 DESPISTAOS** E A ORQUESTRA **CINEMA**

Sábado 8 Pasarrúas coa **BANDA DE MÚSICA PONTECESO e TRUBISQUÍNAS** 13:00 h. Misa cantada na honra da Virxe do Carmen.
Sesión vermú con dúo **D'FESTA**
Gran verbena con **EL COMBO DOMINICANO** E A ORQUESTRA **LA FORMULA**

Domingo 9 Pasarrúas coa **GRUPO DE GALITAS TRUBISQUÍNAS** 13:00 h. Misa cantada na honra de San Roque.
Sesión vermú con dúo **LA FÁBULA**
Gran verbena co concerto de **RAFAGA** E A ORQUESTRA **PRINCIPAL** e **DJ JOSIÑO DESTROYER**

ORGANIZA: COMISIÓN DE FESTAS DE VIMIANZO
COLABORA: **DAPE**

NOUTURNIO DE VIMIANZO

VISITA TEATRALIZADA NOCTURNA

“Cando cae a noite, o Castelo esperta os seus segredos...”

CASTELO DE VIMIANZO
22:00 h

DATAS

- 31 de xullo
- 5 de agosto
- 21 de agosto
- 5 de setembro

Atrévete a descubrir lendas, personaxes e misterios nun percorrido único polos recunchos da fortaleza.

INSCRIPCIÓN E MÁIS INFO

ESCANEA O QR E RESERVA A TUA PRAZA

CONCELLO DE VIMIANZO | Deputación DA CORUÑA

Festas de Vimianzo

Pablo Vázquez

As festas patronais volven converterse nun dos grandes reclamos do verán en Vimianzo. A programación, que se desenvolverá entre hoxe, 7 de agosto, e o luns 10 de agosto —Día do Neno—, combinará concertos de artistas e orquestras como Ráfaga, El Combo Dominicano, Cinema, La Fórmula ou Principal. Tamén haberá actos relixiosos e actividades para toda a familia, consolidándose como unha das citas máis importantes do calendario local. Con todo, máis aló desta celebración, o Concello completa a súa variada oferta estival cun amplo programa de actividades culturais e patrimoniais.


Nouturnio de Vimianzo

O Castelo de Vimianzo será o eixo central da planificación estival do Concello. Deste xeito, a fortaleza converterase no escenario da maior parte das actividades impulsadas pola administración local, reforzando o seu papel como referente patrimonial, cultural e turístico do municipio. O monumento será o escenario de novas actividades e experiencias participativas, dirixidas a persoas de diferentes idades e intereses.

Un dos principais atractivos deste verán será o «Nouturnio de Vimianzo». Trátase dunha visita teatralizada nocturna que permitirá descubrir o castelo desde unha perspectiva diferente, combinando o teatro e a ambientación nocturna. As sesións comezaron o 31 de xullo e volverán celebrarse o 21 de agosto e o 5 de setembro, sempre ás 22.00 horas. Durante os percorridos haberá interpretacións e recreacións de relatos históricos e populares que transformarán o castelo nun escenario vivo. As prazas serán limitadas, polo que será necesario realizar unha inscrición previa. Esta iniciativa enmárcase na aposta do Concello por novas fórmulas de divulgación patrimonial, co obxectivo de ofrecer unha experiencia máis inmersiva e achegar a historia local á veciñanza e ás persoas visitantes dun xeito atractivo e participativo.

Artesanía Viva

Outra das grandes actividades de interese será o programa «Artesanía Viva», unha iniciativa que contará con oito obradoiros participativos impartidos



Obra de teatro no Castelo de Vimianzo.

O patrimonio de Vimianzo cobra vida nun verán de cultura e tradicións

O Concello aposta por unha programación estival que combina historia e artesanía

por artesás e artesáns, coincidindo coa actividade habitual da Mostra de Artesanía instalada no castelo. Estes comezaron o 11 de xullo cun taller dedicado á elaboración de contas de vidro e mañá, sábado 8, continuará a súa actividade co cuarto obradoiro, ás 11.00 horas, centrado na aprendizaxe do tecido do liño no tear.

Os obradoiros continuarán ata o sábado 12 de setembro con propos-

O Castelo de Vimianzo volve ser o epicentro da programación estival con eventos para todas as idades

tas relacionadas coa elaboración de maquetas de barcos, o repenicado dos palillos, a alfarería e a trenza de palla. Os grupos das actividades serán reducidos, con 12 prazas por sesión (8 no caso do obradoiro de vidro), co obxectivo de favorecer unha experiencia máis personalizada. Nestas actividades poderán participar tanto persoas adultas como menores a partir de oito anos acompañados. Esta iniciativa permitirá que se coñeza o traballo das artesás e artesáns que forman parte da Mostra de Artesanía de Vimianzo.

Vimiansol e Vimiverán

A programación cultural de Vimianzo ampliarase tamén mediante a celebración dos eventos incluídos dentro do «Vimiansol» e o «Vimiverán», que achegarán espectáculos e actuacións para todas as idades. As actividades do Vimiansol repartiranse entre a Praza do Concello e o Castelo de Vimianzo. O programa, que comezou o 11 de xullo e rematará o 29 de agosto, incluírá actuacións de música, circo e espectáculos familiares, con propostas como o concerto de Héctor Lera o 14 de agos-

to, o de Las Cossas Nostra o 15 de agosto, o espectáculo de Adrián Conde o 22 de agosto e a actuación de A Vela Circo o 29 de agosto, que pechará a programación. Desde o Concello tamén queren facer unha aposta pola infancia a través do «Vimiverán», unha iniciativa que reúne centos de nenos e nenas nunha proposta que combina ocio, aprendizaxe e conciliación familiar. O programa contará con diversas actividades con prazas limitadas que abordarán contidos relacionados coa historia local, a educación ambiental, o deporte, a informática e a cociña.

Con todo isto, o obxectivo é reforzar o atractivo turístico de Vimianzo durante o verán, dinamizar a vida cultural do municipio e ofrecer recursos que favorezan a conciliación das familias. A través dunha programación diversa e pensada para diferentes públicos, buscouse consolidar o patrimonio local como un elemento vivo, capaz de xerar novas experiencias arredor da historia, a artesanía e a cultura, ao tempo que promove espazos de encontro para a veciñanza e para as persoas visitantes. ■

(FC)
Ferrín - Costa
Autocares Ferrín - Costa, s.l.

Lg. de Caxadas, nº 21 VIMIANZO (A Coruña) T. 616 664 942

Asesoría
Luis Fernando

Fiscal | Laboral | Contable | Seguros

C/ Blanco Rajoy, 28 - 1º 15129 Vimianzo
T. 981 716 501 - 981 717 200 | F. 981 717 201 | M. 669 880 470
asesorialuisfernando@gmail.com